



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 53 · Luns, 7 marzo 2022

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Barco de Valdeorras (O)

Aprobación da alta dun diseminado na entidade singular de O Barco e modificacións correspondentes..... 2

Quintela de Leirado

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da corta e a saca de madeira no municipio de Quintela de Leirado..... 6

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Sala de Goberno. A Coruña

Nomeamento de xuíz de paz substituto do Concello de San Xoán de Río..... 11

Nomeamento de xuíz de paz substituto do Concello de Melón..... 12

IV. ENTIDADES LOCALES

Barco de Valdeorras (O)

Aprobación del alta de un diseminado en la entidad singular de O Barco y modificaciones correspondientes..... 4

Quintela de Leirado

Aprobación definitiva de la Ordenanza Municipal Reguladora de la Corta y Saca de Madera en el Municipio de Quintela de Leirado..... 8

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Tribunal Superior de Justicia de Galicia

Sala de Gobierno. A Coruña

Nombramiento de juez de paz sustituto del Ayuntamiento de San Xoán de Río..... 11

Nombramiento de juez de paz sustituto del Ayuntamiento de Melón..... 12

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

O Barco de Valdeorras

Mediante o presente anuncio, publícase que o 10 de febreiro de 2021 a Alcaldía do Concello do Barco de Valdeorras, en atención ao que establecen os artigos 75.1 e 76 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, adoptou os acordos que a continuación se transcriben, relativos á alta dun diseminado na zona de "O Barco" e a modificación dos tramos de numeración correspondentes ás vías que se inclúen nel, así como o cambio dunha nova sección cando cumpra e dos datos territoriais do 30 de decembro de 2021:

Primeiro: aprobar, con efectos do 30 de decembro de 2021, no que corresponde ao Concello do Barco de Valdeorras (Ourense), a alta dun diseminado, código 99, dentro da entidade singular do Barco, contando cunha parte en núcleo e outra en diseminado, pertencente á entidade colectiva: Barco (O) (San Amaro).

O código do diseminado de "O Barco" será o seguinte:

Código da aplicación informática interno	Entidade colectiva	Entidade singular	Diseminado	Díxito	Descrición (25 caracteres)
0082	02	01	99	5	diseminado

O código do núcleo de "O Barco" continuará sendo o seguinte:

Código	Entidade colectiva	Entidade singular	Núcleo	Díxito	Descrición (25 caracteres)
0013	02	01	01	5	Barco (O)

Segundo: con efectos do 30 de decembro de 2021, aprobar, no que ao Concello do Barco de Valdeorras corresponde, a denominación das vías afectadas pola creación do diseminado dentro da entidade singular de "O Barco", coa numeración, distrito, sección, núcleo ou diseminado a onde pertencen, especificando como figuraban antes da creación do diseminado e como figurarán coa creación do diseminado, que é a seguinte:

Tipo e denominación da vía	Tramos de numeración		Distrito	Sección	Núcleo/diseminado
	Extr. inf.	Extr. sup.			
"Camiño do Serro" antes da creación do diseminado:	1	11	01	003	Núcleo O Barco
"Camiño do Serro" logo da creación do diseminado:	1	9	01	004	Diseminado O Barco
"Camiño de Vista Ferrosa" antes da creación do diseminado:	2	224	01	003	Núcleo O Barco
"Camiño de Vista Ferrosa" logo da creación do diseminado:	2	8	01	004	Diseminado O Barco
"Camiño de Albarelos" antes da creación do diseminado:	1	121	01	004	Núcleo O Barco
"Camiño de Albarelos" logo da creación do diseminado:	1	85	01	004	Diseminado O Barco
"Camiño de Trambasaugas" antes da creación do diseminado (de acordo co apartado terceiro desta resolución):	1	121	01	004	Núcleo O Barco
"Camiño de Trambasaugas" logo da creación do diseminado (de acordo co apartado terceiro desta resolución):	1	17	01	004	Diseminado O Barco
"Camiño de Trambasaugas " antes da creación do diseminado (de acordo co apartado terceiro desta resolución):	2	120	01	004	Núcleo O Barco
Camiño de Trambasaugas" logo da creación do diseminado (de acordo co apartado terceiro desta resolución):	2	10	01	004	Diseminado O Barco

Terceiro: con efectos do 30 de decembro de 2021, apróbase, no que corresponde ao Concello do Barco de Valdeorras, unha nova numeración ás vivendas correspondentes á vía “Camiño de Trambasaugas” nos tramos afectados do diseminado da entidade singular do Barco, segundo se indica a continuación:

Tipo e denominación da vía	Tramos Numeración		Distrito	Sección	Núcleo/Diseminado
	Ext. Inf	Ext. Sup			
Camiño do Serro	1	9	1	4	Diseminado Barco
Camiño de Vista Fermosa	2	8	1	4	Diseminado Barco
Camiño de Albarelos	1	85	1	4	Diseminado Barco
Camiño de Trambasaugas	1	17	1	4	Diseminado Barco
Camiño de Trambasaugas	2	10	1	4	Diseminado Barco

Cuarto: como consecuencia da aprobación desta modificación, procede darlles unha nova numeración ás seguintes vivendas:

Número novo	Nome novo	Número anterior	Nome anterior
8	Camiño de Trambasaugas	24	Camiño de Trambasaugas
11	Camiño de Trambasaugas	43	Camiño de Trambasaugas

(...) Contra estes acordos, que poñen fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpor un recurso de reposición ante o Pleno do Concello no prazo dun mes (nos termos que establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante o órgano e no prazo indicados na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No caso das administracións públicas, segundo o que dispón o artigo 44.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, “Nos litixios entre administracións públicas, non caberá interpor ningún recurso en vía administrativa. Non obstante, cando unha administración interpoña un recurso contencioso-administrativo contra outra, poderá requirila previamente para que derroque a disposición, anule o revogue o acto, faga cesar ou modifique a actuación material ou inicie a actividade á que estea obrigada”, todo iso a teor dos puntos 2, 3 e 4 do dito precepto. Sen prexuízo do indicado, contra os acordos que se notifican, poderán interpor o recurso contencioso-administrativo ante o órgano e no prazo indicados na lei mencionada.

O Barco de Valdeorras, na data da sinatura electrónica

O alcalde. Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez

Dou fe, na data da sinatura electrónica, o adxunto á Secretaría, no exercicio da totalidade das funcións da Secretaría (artigo 3.2 e) e 15.3 do R.D. 128/2018, do 16 de marzo).

Jesús Tallón García”

O Barco de Valdeorras, na data da sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

Mediante el presente anuncio, se publica que el 10 de febrero de 2021 la Alcaldía del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras, en atención a lo que establecen los artículos 75.1 y 76 del Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales, adoptó los acuerdos que a continuación se transcriben, relativos al alta de un diseminado en la zona de "O Barco" y la modificación de los tramos de numeración correspondientes a las vías que se incluyen en él, así como el cambio de una nueva sección cuando proceda y de los datos territoriales de 30 de diciembre de 2021:

Primero: aprobar, con efectos del 30 de diciembre de 2021, en lo que corresponde al Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras (Ourense), el alta de un diseminado, código 99, dentro de la entidad singular de O Barco, contando con una parte en núcleo y otra en diseminado, perteneciente a la entidad colectiva: Barco (O) (San Amaro).

El código del diseminado de "O Barco" será el siguiente:

Código de aplicación informática interno	Entidad colectiva	Entidad singular	Diseminado	Dígito	Descripción (25 caracteres)
0082	02	01	99	5	diseminado

El código del núcleo de "O Barco" continuará siendo el siguiente:

Código	Entidad colectiva	Entidad singular	Núcleo	Dígito	Descripción (25 caracteres)
0013	02	01	01	5	Barco (O)

Segundo: con efectos del 30 de diciembre de 2021, aprobar, en lo que al Ayuntamiento del Barco de Valdeorras corresponde, la denominación de las vías afectadas por la creación del diseminado dentro de la entidad singular de "O Barco", con la numeración, distrito, sección, núcleo o diseminado a donde pertenecen, especificando cómo figuraban antes de la creación del diseminado y cómo figurarán con la creación del diseminado, que es la siguiente:

Tipo y denominación de la vía	Tramos de numeración		Distrito	Sección	Núcleo/diseminado
	Extr. inf.	Extr. Sup.			
"Camiño do Serro" antes de la creación del diseminado:	1	11	01	003	Núcleo O Barco
"Camiño do Serro" después de la creación del diseminado:	1	9	01	004	Diseminado O Barco
"Camiño de Vista Fermosa" antes de la creación del diseminado:	2	224	01	003	Núcleo O Barco
"Camiño de Vista Fermosa" después de la creación del diseminado:	2	8	01	004	Diseminado O Barco
"Camiño de Albarelos" antes de la creación del diseminado:	1	121	01	004	Núcleo O Barco
"Camiño de Albarelos" tras la creación del diseminado:	1	85	01	004	Diseminado O Barco
"Camiño de Trambasaugas " antes de la creación del diseminado (de acuerdo con el apartado tercero de esta resolución):	1	121	01	004	Núcleo O Barco
"Camiño de Trambasaugas", después de la creación del diseminado (de acuerdo con el apartado tercero de esta resolución):	1	17	01	004	Diseminado O Barco
"Camiño de Trambasaugas " antes de la creación del diseminado (de acuerdo con el apartado tercero de esta resolución):	2	120	01	004	Núcleo O Barco
"Camiño de Trambasaugas" después de la creación del diseminado (de acuerdo con el apartado tercero de esta resolución):	2	10	01	004	Diseminado O Barco

Tercero: con efectos de 30 de diciembre de 2021, se aprueba, en lo que corresponde al Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras, una nueva numeración a las viviendas correspondientes a vía “Camiño de Trambasaugas”, en los tramos afectados del diseminado de la entidad singular de O Barco, según se indica a continuación:

Tipo e denominación da vía	Tramos Numeración		Distrito	Sección	Núcleo/Diseminado
	Ext. Inf	Ext. Sup			
Camiño do Serro	1	9	1	4	Diseminado Barco
Camiño de Vista Fermosa	2	8	1	4	Diseminado Barco
Camiño de Albarelos	1	85	1	4	Diseminado Barco
Camiño de Trambasaugas	1	17	1	4	Diseminado Barco
Camiño de Trambasaugas	2	10	1	4	Diseminado Barco

Cuarto: como consecuencia de la aprobación de estas modificaciones, procede dar una nueva numeración a las siguientes viviendas:

Número nuevo	Nombre nuevo	Número anterior	Nombre anterior
8	Camiño de Trambasaugas	24	Camiño de Trambasaugas
11	Camiño de Trambasaugas	43	Camiño de Trambasaugas

(...) Contra estos acuerdos, que ponen fin a la vía administrativa, los/as interesados/as podrán interponer un recurso de reposición ante el Pleno del Ayuntamiento en el plazo de un mes (en los términos que establecen los artículos 123 y 124 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, o directamente un recurso contencioso-administrativo ante el órgano y en el plazo indicados en la Ley 29/1988, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

En el caso de las administraciones públicas, según lo que establece el artículo 44.1 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, “En los litigios entre administraciones públicas, cabrá interponer un recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una administración interponga un recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada”, todo eso en los términos de los puntos 2, 3 y 4 de dicho precepto. Sin perjuicio de lo indicado, contra los acuerdos que se notifican, podrán interponer un recurso contencioso-administrativo ante el órgano y en el plazo indicados en la ley mencionada.

O Barco de Valdeorras, en la fecha de la firma electrónica

El alcalde. Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez

Doy fe, en la fecha de la firma electrónica, el adjunto a Secretaría, en el ejercicio de la totalidad de las funciones de la Secretaría (artículo 3.2 e) y 15.3 del R.D. 128/2018, de 16 de marzo).

Jesús Tallón García”

O Barco de Valdeorras, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde.

Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.



Quintela de Leirado

Daniel Carnoto Espiño, secretario do Concello de Quintela de Leirado,

Certifico:

Que o Pleno deste concello, na sesión ordinaria do 2 de marzo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Foi visto que se solicitou informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para realizar a aprobación da Ordenanza municipal reguladora da corta e saca de madeira no municipio de Quintela de Leirado, que foi emitido en data 08/09/2021,

Foi visto que o 24/09/2021 se recibiu o proxecto elaborado polos servizos municipais de Secretaría de Ordenanza municipal reguladora de corta e saca de madeira no municipio de Quintela de Leirado,

Foi visto que se aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora de corta e saca de madeira no municipio de Quintela de Leirado,

Foi visto que o acordo de aprobación inicial se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Ourense do 14 de setembro de 2021, BOP n.º 212 e no taboleiro de edictos, durante o período de trinta días; e que o 24/09/2021 se publicou o texto íntegro da ordenanza municipal no portal web deste concello [<http://quinteladeleirado.sedelectronica.gal>]. Durante o período de información pública, presentáronse as seguintes alegacións, suxestións ou observacións:

Elier Ojea Ureña, con DNI 34 902 177 E, en nome e representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia (FEARMAGA) con CIF V3663928.

De conformidade co que dispón o artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno adopta por unanimidade o seguinte

Acordo

Primeiro. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por Elier Ojea Ureña, con DNI 34 902 177 E, en nome e representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia (FEARMAGA) con CIF V3663928, en relación co expediente de aprobación da Ordenanza municipal reguladora de corta e saca de madeira no municipio de Quintela de Leirado, polos seguintes motivos:

1.º Vulneración do principio de igualdade do artigo 14 da Constitución española.

O artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local establece, entre as competencias dos concellos, a seguinte:

Pavimentación das vías públicas e conservación de camiños e vías públicas.

Non se trata de ningunha vulneración do principio de igualdade, pois a través dos estudos realizados por este concello resulta que os únicos profesionais que actualmente están causando danos nas vías e camiños públicos son aqueles aos que se refire a ordenanza; polo tanto, non se vulnera o principio de igualdade; non estamos ante situacións semellantes. No suposto de que outros suxeitos lles puideren causar danos a esas vías e camiños, este concello non dubidaría en ampliar o obxecto da dita ordenanza.

2.º En canto á non existencia do achegamento de copias compulsadas, o artigo 28.2 da Lei 39/1985, dispón:

2. Os/as interesados/as teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopan en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra administración. A Administración actuante poderá consultar ou solicitar os devanditos documentos salvo que o/a interesado/a se opuxese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento se esixise

no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

As administracións públicas deberán solicitar os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto.

Cando se trate de informes preceptivos xa elaborados por un órgano administrativo distinto ao que tramita o procedemento, estes deberán ser remitidos no prazo de dez días, que contarán desde a súa solicitude. Unha vez cumprido este prazo, informarase a persoa interesada de que pode achegar este informe ou esperar a que llo remita o órgano competente.

Dado que o sistema actual de comunicación de información entre as distintas administracións públicas aínda está en fase inicial e resultaría totalmente inoperante a aplicación deste artigo, ante a dita reclamación, modifícase a ordenanza no aspecto da non esixencia de copias de documentos compulsadas. Pódense achegar copias sen autenticar, comprometéndose neste caso a achegar o orixinal, se así foren requiridos polo concello; no suposto de achegalas xa con anterioridade neste concello, non se esixirán de novo.

Segundo. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora de corta e saca de madeira no municipio de Quintela de Leirado, una vez resoltas as reclamacións presentadas.

Terceiro. Publicar o dito acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza municipal reguladora de e corta e saca de madeira no municipio de Quintela de Leirado no Boletín Oficial de a Provincia e no taboleiro de anuncios do concello. Entrará en vigor segundo o que establece o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, estará á disposición dos/as interesados/as na sede electrónica deste concello

[<http://quinteladeleirado.sedelectronica.gal>].

Anexo

Ordenanza municipal reguladora da corta e saca de madeira no municipio de Quintela de Leirado

Artigo 1.º Obxecto da normativa

Constitúe o obxecto desta ordenanza o establecer unha regulación no municipio de Quintela de Leirado das cortas e sacas de madeira que faga compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e a seguridade viaria.

Artigo 2.º Concepto de corta e saca de madeira

Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Quintela de Leirado que teñan por obxecto a obtención e o transporte de madeira de tala, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos as fincas, preparación do terreo etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte, preparación, almacén e xestión dos restos da corta).

Artigo 3.º Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira

Sen prexuízo da obtención necesaria, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente sexan necesarios para cortar plantacións forestais dentro do municipio de Quintela de Leirado, cun peso estimado superior a 5 toneladas métricas, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación por escrito cunha antelación mínima de tres días.

O escrito de comunicación previa será asinado polo madeireiro e deberán constar nel os seguintes datos:

1. Datos de identificación do/a propietario/a forestal e do/a madeireiro/a:

- Persoa física: nome, apelidos, número do DNI ou NIF, enderezo e teléfono.

- Sociedade ou persoa xurídica: enderezo, CIF, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa e teléfono.

2. Especie de madeira obxecto da corta. Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.

3. Nome da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa, identificación en plano catastral.

4. Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

5. Vehículos e maquinaria que se empregarán nas operacións de corta e saca.

6. Lugar onde se depositará á espera da súa carga a madeira.

7. Vías que se empregarán e data prevista para o transporte da madeira.

8. Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de corta e saca de madeira.

9. De ser o caso, fotocopia do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente.

10. Fotocopia do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os danos eventuais e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca da madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións.

No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro destas características, deberá facelo constar así expresamente, no escrito de comunicación que presente e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía que dispón o artigo 5.º.

O Concello de Quintela de Leirado terá á disposición dos/as interesados/as un modelo normalizado do escrito de comunicación previa (Anexo I da presente ordenanza).

O Concello de Quintela de Leirado requirirá o/a madeireiro/a ou o/a propietario/a do monte ou predio forestal que presenten un escrito de posta en coñecemento cando comprobe que o/a madeireiro/a non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais o de comunicación previa. O contido deste escrito de posta en coñecemento será o mesmo que o de comunicación previa.

Artigo 4.º Obrigas nas operacións de corta e saca de madeira

O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de se levaren a cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada. Así mesmo, estará obrigado a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito da madeira conforme á normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese terminantemente usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira. O madeireiro ou propietario forestal deberá derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.

Artigo 5.º Responsabilidade

O madeireiro será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira e deberá reparar o dano causado. O Concello de Quintela de Leirado velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de limpeza e seguridade. A obriga á que se fai referencia no número 1 deste artigo será esixible non só polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora do madeireiro, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

No suposto de que non sexa titular ou beneficiario de ningún seguro de responsabilidade civil ou similar que garanta a reparación dos danos ou prexuízos que poida ocasionar con motivo das operacións de corta e saca de madeira, o madeireiro deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do concello na contía fixada polos servizos técnicos municipais, tendo en conta as características do que se pretende (peso da madeira a extraer, vehículos e maquinaria que se pretende utilizar, estado e grao de conservación da vía afectada, etc.) Esta garantía será devolta polo concello unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, por petición do madeireiro e tras o informe favorable dos ditos servizos técnicos municipais.

Artigo 6.º Infraccións

As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

a) Non presentar o escrito de posta en coñecemento, unha vez requirido para iso polo concello.

b) Deixar as vías municipais nun estado moi deficiente de sucidade, ocasionando unha situación de risco para a seguridade viaria.

c) Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 6.000 euros.

d) A comisión polo madeireiro de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Son infraccións graves:

a) Non presentar o escrito de comunicación previa. Deixar as vías municipais en estado deficiente de sucidade.

b) Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 6.000 euros.

c) Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abriron para acceder ás fincas.

d) A comisión polo madeireiro de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Considerarase infracción leve calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción lle corresponda ao concello.

Artigo 7.º Sancións

As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas: Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros.

Infraccións graves: multa de contía comprendida entra 301,00 euros e 1.500,00 euros.

Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo coa normativa vixente. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da existencia, se fose o caso, das responsabilidades civís e penais correspondentes. As san-



cións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e prexuízos a que houber lugar. As sancións impórnanse tras a iniciación e instrución previa do expediente sancionador correspondente, con audiencia ao/á interesado/a. A resolución do expediente sancionador corresponderálle á Xunta de Goberno Local, cando se trate de faltas moi graves ou graves, e á Alcaldía cando se trate de faltas leves.

Artigo 8.º Requirimentos

Unha vez advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase o/a responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e perdas causados. Outorgaráselle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso non poderá exceder dun mes. Logo de transcorrer este prazo sen que se cumpra o requirimento, realizarase, sen necesidade de novas notificacións, a súa execución subsidiaria cargándolle os custos desta á persoa responsable.

Disposición derogatoria. Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao que se establece nesta ordenanza.

7 Disposición final. A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e tras transcorrer o prazo de 15 días hábiles que establece o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Permanecerá vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo 1

Comunicación previa de corta e saca de madeira

Datos do/a madeireiro/a:

Nome e apelidos ou razón social:

Domicilio para os efectos de notificación:

NIF/CIF:

Tel.:

En caso de actuar en representación de alguén, nome e apelidos da persoa representada (xunte o documento que acredite a representación):

Datos do/a propietario/a forestal:

Nome e apelidos ou razón social:

Domicilio para os efectos de notificación:

NIF/CIF:

Tel.:

En caso de actuar en representación de alguén, nome e apelidos da persoa representada (xunte o documento que acredite a representación):

Cubra os seguintes datos:

- especie de madeira obxecto da corta:
- toneladas métricas:
- nome da finca/do monte:
- referencia catastral da finca/do monte:
- lugar e parroquia da finca/do monte:
- datas previstas de inicio e remate dos traballos:
- vehículos e maquinaria que se vai empregar:
- lugar onde se depositará á espera da súa carga:
- vías que se empregarán para o transporte da madeira:
- data prevista para o transporte da madeira:
- sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas:

Autorizo o Concello de Quintela de Leirado para que poida requirirme en calquera momento os documentos orixinais da solicitude e comprométome a achegalos.

Quintela de Leirado, ... de ... de ...

Sinatura do/a madeireiro/a:

Documentación que cómpre presentar:

- ✓ Plano catastral da finca/do monte afectado.

- ✓ Fotocopia do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente, de ser o caso.

- ✓ Fotocopia do seguro de responsabilidade civil, así como do último recibo pagado.

Obrigas nas operacións de corta e saca de madeira (art. 4)

O/a madeireiro/a está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada.

